



Concello de Celanova

CONVOCATORIA DAS SUBVENCIONS OU AXUDAS DE EMERXENCIA POLA COVID-19, EN RÉXIME DA CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DO TECIDO ECONOMICO LOCAL.

Extracto da resolución do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 1 de setembro de 2021, pola que se convocan as subvencións ou axudas de emerxencia pola Covid-19, dirixidas ao mantemento do tecido económico local, con arranxo aos seguintes parámetros:

- a) As subvencións de referencia rexeranse polas **bases reguladoras** publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 195, do 25.08.2021, cuxa ordenanza se aprobou por acordo do Pleno do Concello de Celanova do día 02.07.2021.
- b) O **crédito orzamentario** destinado ás subvencións é o consignado na aplicación orzamentaria 4330/47900 do estado de gastos do vixente orzamento municipal para o exercicio económico 2021, que ascende a 182.700,00 €.
- c) As subvencións ou axudas teñen como **obxecto, condicións e finalidade** contribuir á revitalización do tecido empresarial de Celanova que está sufrindo actualmente as consecuencias das declaracións dos estados de alarma aprobados polo Goberno en virtude do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e prorrogado en sucesivas ocasións, e do Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en todo o territorio nacional e, en concreto, no termo municipal de Celanova. Concretamente, o obxectivo é financiar parte do gasto corrente das persoas autónomas, micropemes e pemes do termo municipal de Celanova que foron consideradas actividades non esenciais e, polo tanto, pechadas, total ou parcialmente, como consecuencia da adopción das medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo de 2020 e Real Decreto-Lei 10/2020, de 19 de marzo de 2020).
- d) A concesión efectúase en réxime de **concorrenza non competitiva**, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) **Requisitos** para solicitar as subvencións e forma de acreditarlos: Os previstos nas bases reguladoras (Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 195, do 25.08.2021).
- f) O **órgano competente** para a resolución do procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello de Celanova.
- g) O **prazo de presentación de solicitudes** será de QUINCE (15.-) DIAS hábiles a contar desde o día hábil seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do extracto da convocatoria remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións. Da devandita publicación darase información no portal de internet do Concello de Celanova.



Concello de Celanova

- h) O **prazo máximo para resolver** a convocatoria será de 30 días hábiles para levar a cabo a instrución do procedemento e realizar de oficio as actuacións que considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que deba formular a proposta de resolución. Unha vez analizadas as solicitudes presentadas e a documentación que as acompaña, procederase a elaborar a proposta de resolución coas solicitudes admitidas e as axudas concedidas e denegadas. A proposta de resolución será publicada no portal de internet do Concello de Celanova. Outorgarase un prazo de 10 días hábiles para a formulación de alegacións e a emenda de posibles deficiencias. Aquelas persoas ou empresas solicitantes que tivesen débedas pendentes co Concello de Celanova no momento de presentación da solicitude, poderán proceder ao seu pagamento durante este prazo.
- i) **Xunto coa solicitude** achegarase a documentación prevista na BASE 7ª das bases reguladoras (Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 195, do 25.08.2021).
- j) A **resolución** que se dite porá fin á vía administrativa.
- k) **Criterios de valoración das solicitudes:** Para os efectos de concesión das subvencións e axudas, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude.
- l) De conformidade co disposto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, as **notificacións** practicaranse polo medio sinalado ao efecto polo interesado. A notificación será electrónica nos casos nos que exista obriga de relacionarse desta forma coa Administración. As notificación en papel realizaranse de maneira persoal ou por correo certificado con acuse de recibo. De non resultar posibles as notificacións, estas faranse por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado.

Celanova, a 14 de Setembro de 2021

O alcalde
Antonio Puga Rodríguez



Concello de Celanova
